



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Educación para a paz, resolución de conflitos e cidadanía	Código	652G03038	
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Teasley Severino, Cathryn	Correo electrónico	cathryn.teasley1@udc.es	
Profesorado	Teasley Severino, Cathryn	Correo electrónico	cathryn.teasley1@udc.es	
Web	Véxanse máis detalles sobre esta materia na plataforma do Campus Virtual da UDC.			
Descrición xeral	<p>Véxanse máis detalles sobre esta materia na plataforma do Campus Virtual da UDC.</p> <p>(This is an "English Friendly" course. Please see the English tab, above.)</p> <p>O desenvolvemento das sociedades do mundo e da convivencia humana a través do tempo, ata o actual período histórico de modernidade tardía, serve de telón de fondo para situar a Educación para a Paz, a resolución de conflitos, e a condición cidadá no seu xusto marco de aproximación conceptual e de elaboración práctica e activa: un marco amplo, complexo e dinámico que transcende non só a cultura escolar e as distintas institucións educativas en xeral, senón tamén outros ámbitos formais e non-formais de acción e produción socio-cultural, como son a educación en familia, a cultura popular da comunidade local, os medios de comunicación de masas, e as diversas institucións do Estado. Este grande marco sitúase, a súa quenda, dentro dun contexto aínda máis amplo de política internacional e transnacional que se move ao ritmo dun sistema económico cada vez máis globalizado: o capitalismo neoliberal. Así mesmo, todo este panorama humano existe nun mundo con recursos naturais finitos. Neste escenario mundial tan interdependente e complexo, entón, a conflictividade xurde desde os desequilibrios de poder entre colectivos con intereses diverxentes. Mais non son os conflitos, per se, o que ameaza o benestar, pois os conflitos son un aspecto natural das relacións humanas. A violencia e o dano xurden das formas en que ditos conflitos son abordados. Se son intervenidos de xeito pacífico poden incluso resultar creativos e produtivos á hora de procurar unha harmonía cosmopolita entre persoas e colectivos multiculturais, movementos migratorios, loitas polos dereitos humanos, e vivenzas desde a diversidade de crenzas relixiosas, identidades de xénero, falas e prácticas étnicas deste mundo.</p> <p>Educación para a paz neste marco "glocal" de convivencia require, máis ben, dun labor relacional e transversal que emerxe e participa de múltiples ámbitos sociais solapados, e que pode e debe aspirar a incidir neles. Require, polo tanto, dunha orientación sobre as relacións humanas que sexa tanto interpersoal como intergrupala e colectivo-global. Por extensión, a súa pedagogía abrangará, por unha banda, contidos e temas curriculares reveladores, con connotacións éticas, afectivas e/ou controvertidas, e por outra banda, procesos organizativos e didácticos colaborativos, colectivizantes e transformadores, que establezan pontes entre a necesaria reflexión teórica e a imprescindible posta en práctica.</p> <p>Nesta materia abordaremos o significado destas cuestións para pór en marcha unha pedagogía da paz realizada tanto desde a institución educativa como desde outros ámbitos de animación sociocultural, pero que se proxecte máis alá dos mesmos.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.



A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A12	Mediar en situacións de risco e conflito.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A15	Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
O alumnado: Coñecerá os aspectos máis relevantes das diversas tradicións intelectuais dos Estudos para a Paz (investigación) e da Educación para a Paz (en contextos educativos tanto formais como non formais e informais).	A2 A5 A8		
Situará estas tradicións na evolución das múltiples expresións históricas da violencia e de paz no mundo, ata os nosos tempos.	A5 A11 A14	B1	C4
Comprenderá os principais marcos conceptuais e ideas reitoras da Educación para a Paz, Resolución de Conflitos e Cidadanía, á vez que entenderá que supoñen un corpo de coñecementos inacabados, mutábeis e continuamente negociados, non un paradigma pechado ou monolítico.	A2	B6	
Apreciará e valorará a importancia social e profesional da Educación para a Paz, Resolución de Conflitos e Cidadanía, así como o seu marco normativo.	A2 A3 A11 A14 A20	B1 B3	C4 C6



Desenvolverá actitudes á vez críticas e solidarias fronte á diversidade humana, e fomentará valores tanto universais como particulares relacionados con: empatía, solidariedade, respecto para todos os seres vivos, dignidade humana, dereitos humanos, apoio mutuo, sustentabilidade e equilibrio ecolóxico, reciprocidade, colaboración, inclusión e participación igualitaria e democrática na vida pública, virtudes comunicativas, organización pacífica e xusta da sociedade, e outros valores e aspectos que atinxen á cultura da paz, resolución de conflitos e cidadanía.	A2 A14	B1 B3 B5 B6	C6
Entrará en contacto, e aprenderá a empregar as fontes bibliográficas, audiovisuais e informativas fundamentais no ámbito da Educación para a Paz, Resolución de Conflitos e Cidadanía.	A15	B6	C3
Familiarizarase cos principais contidos e ámbitos da Educación para a Paz, Resolución de Conflitos e Cidadanía para poder desenvolverlas como futuro/a educador/a: paz positiva / paz sustentábel; o papel do conflito na convivencia; mediación en conflitos; resolución non-violenta de conflitos; produción e reprodución das diversas formas de violencia na sociedade e o fomento da non-violencia a través do desenvolvemento pedagóxico da cultura da paz; dereitos humanos; valores cívicos e democráticos; ética e responsabilidades; dereitos civís / sociais; e a sustentabilidade ecolóxica.	A1 A5 A11	B1	C4 C6 C8
Iniciarase nas estratexias pedagóxicas mais representativas e os principais recursos curriculares (didáctico-metodolóxicos, organizativos e dinamizadores) da Educación para a Paz, Resolución de Conflitos e Cidadanía: contidos inclusivos e interculturais; mediación en conflitos; resolución pacífica de conflitos; a práctica da xustiza restaurativa; o método socio-afectivo; a aprendizaxe cooperativa e colaborativa; os xogos cooperativos; etc.	A6 A8 A9 A11 A12 A15 A21	B1 B4 B6	C1 C4 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A produción e reprodución das múltiples formas de violencia na sociedade: necesidade da Educación para a Paz (EP) e do sentido cidadán	<ul style="list-style-type: none"> - A era postcolonial e o neocolonialismo. - Sobre os organizadores da orde mundial e a violencia nas súas múltiples manifestacións: a globalización neoliberal, o complexo militar-industrial-investigador, as guerras, o terrorismo, efectos secundarios da explotación globalizada, racismo e patriarcado. - Existe o chamado "choque de civilizacións"? - Discriminación, marxinação, opresión, pobreza e exclusión, con atención especial á violencia de xénero. - A privatización da esfera pública: efectos xerais, efectos na educación. - Dereitos humanos e xustiza social: luces e sombras. - Resistencias contra-hexemónicas.
2. Educación para a paz en perspectiva histórico-normativa e transnacional	<ul style="list-style-type: none"> - Os precursores. - A Escola Nova. - A UNESCO. - A Investigación para a Paz (Estudos para a Paz). - A nonviolencia (Gandhi). - A Educación para a Paz en España: novos marcos e instrumentos legais.



<p>3. Pedagogía da cidadanía e dos dereitos humanos nas sociedades cosmopolitas</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Dereitos humanos e cidadanía democrática. - Concepto de dereitos humanos: a súa xénese histórica. - A situación dos dereitos humanos no mundo. - Pedagogía Crítica, Estudos Culturais, Educación Ecoloxista, Estudos Descoloniais, Estudos Feministas, Estudos Queer. - Conflito, convivencia e participación democrática e activa na sociedade. - Principais programas educativos en favor da convivencia e da cidadanía. - O papel da Educación Emocional na pedagogía da convivencia. - Normativa pertinente. - Principios didácticos e estratexias organizativas. - O papel das/dos educadoras/es sociais. - Recursos e materiais. - Posibilidades de intervención.
<p>4. Educar para a paz: contextos educativos, cuestións curriculares e estratexias metodolóxicas, organizativas e dinamizadoras</p>	<ul style="list-style-type: none"> - O concepto da paz positiva e sustentábel. - A visión creativa do conflito. - Compoñentes da EP (a nonviolencia, agresividade vs. agresión, a desobediencia civil, etc.). - O modelo sociocrítico-conflitivo da paz, entre outros modelos. - O método socio-afectivo de ensino-aprendizaxe. - Vantaxes educativas dos procesos colaborativos, cooperativos e colectivizantes. - O papel dos xogos cooperativos na creación de grupo: tipos e características. - Exposición de distintas dinámicas de aprendizaxe e xogos cooperativos. - O papel da Educación Emocional e do fomento pedagóxico da empatía, do respecto, da afectividade, do apoio mutuo e da solidariedade na construción colectiva da convivencia pacífica. - A integración da EP no curriculum escolar: transversalidade e temas transversais (Educación Intercultural, formación na diversidade de xénero, etc.). - A Titoría entre Iguais (TEI), as prácticas restaurativas e outras abordaxes educativas que promoven a paz.
<p>5. O papel do conflito na convivencia humana e da resolución nonviolenta de conflitos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - A situación da convivencia e a conflitividade nos centros: principais investigacións. - O conflito e a súa estrutura. - Formas de afrontar o conflito: resolución de conflitos. - Os procesos de prevención e intervención. - Negociación e mediación en conflitos. - A Xustiza Restaurativa e as prácticas e círculos restaurativos. - Recursos e materiais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Foro virtual	A2 A3 A5 A10 A11 A14 C3	1	5.5	6.5
Discusión dirixida	A3 A5 A20 B1 B3 B6 C1	12	0	12
Estudo de casos	A1 A2 A3 A5 A8 A11 A14 C4 C5 C6 C8	3	5	8
Lecturas	A1 A2 A3 A5 A6 A8 A11 A20 B3 C4 C6 C8	1.5	23.5	25



Presentación oral	A2 A5 A14 B1 B3 B5 B6 C1 C3 C4	5	14	19
Sesión maxistral	A2 A3 A8 B3 C4 C6 C7 C8	11	0	11
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A6 A8 A9 A15 A21 B4 C1 C3	1	20	21
Simulación	A10 A12 A20 B1 B3 B5 B6 C4 C6	1.5	0	1.5
Eventos científicos e/ou divulgativos	A8 A11 A14 A15 B4 B5 B6 C1 C4	0	16	16
Aprendizaxe colaborativa	A12 A20 B3 C4	6	23	29
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Foro virtual	Publicación de informacións impresas e audiovisuais na plataforma Moodle, e participación do estudantado no mesmo mediante as súas recomendacións propias respecto a outros recursos impresos e audiovisuais. Comunicación mediante o foro dixital da plataforma Moodle (envíos de emails e foro colectivo).
Discusión dirixida	Debates e posta en común, en pequeno, mediano ou grande grupo, dos contidos traballados ao longo do cuadrimestre. Estes debates versarán sobre o contido das fontes seleccionadas como material de traballo obrigatorio. Con carácter xeral, ese material deberá ser preparado fóra do horario de clase.
Estudo de casos	Metodoloxía na que se analiza unha situación específica cun problema a ser entendida e valorada por un grupo de persoas a través dun proceso de discusión, e posteriormente (e hipoteticamente) intervida. Estes casos xurdirán nas clases interactivas ou nalgún dos libros seleccionados polos micro-grupos.
Lecturas	Lectura e análise dos documentos incluídos no Dossier de Lecturas, para traballar a materia. A maiores das breves lecturas do Dossier, cada micro-grupo de estudantes seleccionará un libro (de entre máis de 60 títulos), do que terá que ler polo menos 100 páxinas e preparar unha presentación oral do mesmo perante o grupo-clase.
Presentación oral	Exposición grupal do libro escollido polo micro-grupo. A presentación durará un máximo de 15 minutos e terá lugar nas clases interactivas durante os meses de Abril de Maio. Máis información en "Avaliación".
Sesión maxistral	Exposición oral, por parte da docente, co apoio de recursos audiovisuais, dos contidos relacionados co temario da materia.
Traballos tutelados	Realización individual, en parella ou en grupo dun traballo escrito, seguindo as orientacións dadas en clase. Dito traballo final consistirá no deseño dunha proposta socio-educativa baseada na análise e aplicación dos contidos abordados ao longo do cuadrimestre. Recoméndase a entrega dos traballos impresos sen plásticos de encadernación; elixir a impresión a dobre cara; empregar papel reciclado; e evitar imprimir bosquexos (rascuños/borradores). Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Para máis información sobre o formato e o período de entrega do traballo, véxase o espazo da materia na plataforma do Campus Virtual.
Simulación	Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflitivas onde interveñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersoais, o comportamento, os valores e as actitudes.



Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo. Forman parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación Social".
Aprendizaxe colaborativa	Consistirá en dinámicas de grupos variadas, que se empregarán nos debates, na análise das fontes realizada en grupo, nos traballos tutelados e na presentación oral.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados	Para preparar as actividades, o estudantado, se o estima necesario, pode solicitar atención personalizada en clase ou en horario de titorías.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A2 A5 A14 B1 B3 B5 B6 C1 C3 C4	<p>A presentación oral *individual* valerá ata un 5% da cualificación final e consistirá na calidade e cantidade de participación nas sesións de aula.</p> <p>A presentación oral *grupal* valerá ata un 35% da cualificación final e consistirá na presentación en micro-grupo e na sesión interactiva dun libro ou experiencia. Participarán todas as/os integrantes do micro-grupo. Cada presentación durará un máximo de 15 minutos e todas as presentacións terán lugar nas sesións interactivas durante os meses de abril e maio. Para esta actividade valoraranse os aspectos a seguir:</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Calidade da participación na preparación desta actividade. ? Relevancia e organización dos contidos expostos. ? Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). ? Nivel de comprensión dos contidos básicos. ? Capacidade analítica e de síntese. ? Claridade expositiva. ? Creatividade expositiva. <p>-----</p>	40
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A6 A8 A9 A15 A21 B4 C1 C3	<p>O traballo será grupal, en parella ou individual e empregarase parte do tempo reservado para as sesións interactivas para a súa elaboración. Para máis información sobre o traballo e o período de entrega, véxase o espazo desta materia en Moodle.</p> <p>Á hora de avaliar o traballo escrito teranse en conta os aspectos a seguir:</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva, e corrección gramatical (30%). ? Contido: comprensión das ideas básicas, dominio conceptual, uso dos contidos traballados ao longo do cuadrimestre, relacións entre eles (capacidade analítica e de síntese), creatividade e innovación nas propostas, calidade da participación na preparación desta actividade, e grao de fundamentación das fontes (referencias bibliográficas e bibliografía final) (70%). 	60

Observacións avaliación



Para superar a materia será necesario obter, como mínimo, unha puntuación de 5 (de 10) en ambas actividades de avaliación, e asistir ás sesións de aula coa debida regularidade (como mínimo o 80% do tempo total). Para máis información sobre estas actividades de avaliación, véxanse as follas explicativas publicadas no espazo da materia na plataforma Moodle.

Os traballos tutelados *non entregados* na primeira oportunidade poden ser entregados na segunda oportunidade sen que este feito inflúa na súa avaliación. Aplicaranse os mesmos criterios de avaliación en ambas oportunidades (e non será necesario presentarse ao exame).

No caso de non poder asistir a clase coa debida regularidade, ou en caso de ter recoñecida a dispensa académica, a/o estudante en cuestión terá que presentarse a un exame final, e entregará unha das actividades de avaliación indicadas enriba (ou equivalente). Neste caso, o exame pesará ou ben o 40% ou ben o 60% da cualificación final, segundo o tipo de actividade entregado. Pero se non se entrega actividade ningunha, o exame pesará a totalidade da cualificación. A/O estudante pode decidir sobre o peso do exame mediante ditas opcións de entrega. O exame será de desenvolvemento, sen apuntes, e realizado durante o período establecido pola profesora. Excepcionalmente, o alumnado non-asistente pode realizar tarefas alternativas ao exame que serán determinadas pola profesora (se se estima aconsellábel esta opción). Manteranse estas mesmas condicións durante a segunda oportunidade.

Quen asiste a clase coa debida regularidade pero non obtén a puntuación mínima nalgunha das dúas actividades de avaliación terá que seguir as indicacións recollidas no parágrafo anterior para superar a materia.

A presentación oral e os traballos tutelados *suspensos* non se poderán recuperar porque a primeira (a presentación oral) é elaborada en grupo e presentada ante o grupo interactivo, e o segundo (o traballo tutelado) non será avaliado máis dunha vez. A actividade suspensa será substituída polo exame final e aplicaranse os criterios de avaliación estipuladas no parágrafo anterior.

A avaliación do alumnado con matrícula a tempo parcial e/ou con recoñecemento de dispensa académica será igual que a do resto do alumnado: dependerá do grao e calidade de asistencia ás sesións de aula. Segundo cada caso, pode que a profesora lle pida á/ao estudante que entregue resumos das lecturas obrigatorias para compensar a falta de asistencia suficiente a clase.

O exame consistirá nunha proba mixta na que se especificará o peso de cada pregunta. Nas preguntas de resposta breve teranse en conta a pertinencia e precisión da resposta, a claridade conceptual, e a corrección gramatical. Nas preguntas de desenvolvemento teranse en conta a pertinencia e organización do contido, o dominio conceptual, a conexión entre ideas, a claridade expositiva, e a corrección gramatical. Para máis información sobre o exame, véxase a folla explicativa publicada no espazo da materia na plataforma Moodle.

Fontes de información



Bibliografía básica

- () . .

As LECTURAS BÁSICAS e obrigatorias procederán das fontes a seguir:1. Jares, Xesús R. (2004). Educar para la paz en tiempos difíciles. Bilbao: Bakeaz [LIBRO BÁSICO DA MATERIA].2. Galtung, Johan (1998). Tras la violencia, 3R: reconstrucción, reconciliación, resolución. Afrontando los efectos visibles e invisibles de la guerra y la violencia. Bilbao: Bakeaz Gernika Gogoratzu [pp. 13-25].3. Saillard, Dominique (2010). ¡Siempre desobedientes! Educar para la Paz desde el feminismo. En UPV/EHU, Hegoa e ACSUR Las Segovias (Eds.), Género en la Educación para el Desarrollo...[pp. 93-125].4. Domingo, Virginia (2013). Justicia Restaurativa, mucho más que mediación. Barcelona: PressBooks.com [pp. 8-18].5. Martínez Rodríguez, Juan Bautista (2005). Educación para la ciudadanía. Madrid: Morata [pp. 66-83].6. Normativa, artigos de prensa, páxinas web e outros recursos impresos e audiovisuais que se farán dispoñíbeis ao longo do cuadrimestre na plataforma Moodle (no cadro de Lexislación).7. Un dos libros da primeira listaxe de abaixo (máis ou menos 100 páxinas de ensaio, ou unha novela completa), o cal será presentado polo micro-grupo en clase. O alumnado pode suxerir outros títulos á profesora (outros títulos da Bibliografía, novelas, etc.). Na Bibliografía complementaria (no Campus Virtual) figurarán máis títulos.BIBLIOGRAFÍA DA MATERIA: As seguintes listaxes conteñen fontes diversas organizadas tematicamente. Recomendaranse outras obras durante a realización da materia. A listaxe de lecturas programadas para cada sesión atópase tamén no espazo da materia no Campus Virtual:1. Perspectivas críticas sobre a situación do mundo actual (ensaio e narrativa):AA.VV. (2012). Africana: aportaciones para la descolonización del feminismo. Barcelona: Oozebap ebooks. Recuperábel de: <http://oozebap-zoco.org/46-africana-entrevistas.html> Achebe, Chinua (2012). Un home do pobo. Santiago de Compostela: Hugin e Munin.Adolf, Antony (Ed.) (2010). Nonkilling History: Shaping Policy with Lessons from the Past. Honolulu, Hawai'i: Center for Global Nonkilling. Recuperábel de: <http://nonkilling.org/center/download/nonkilling-history-shaping-policy-with-lessons-from-the-past/>Andric, Ivo (2016/1945). Un puente sobre el Drina. Barcelona: Debolsillo.Aneiros, R. (2009). Sol de inverno. Vigo: Xerais (sobre os exilios).Armada, Alfonso (2015). Sarajevo. Barcelona: Malpaso Ediciones.Atencio, G. (Coord.) (2015). Feminicidio: de la categoría político-jurídica a la justicia universal. Madrid: Los Libros de la Catarata.Bauman, Z. (2014). ¿La riqueza de unos pocos nos beneficia a todos? Barcelona: Paidós.Balibar, Étienne (2005). Violencias, identidades y civilidad para una cultura política global. Barcelona: Gedisa.Balibar, Étienne (2017). La igualibertad. Barcelona: Herder.Baquero, Juan Miguel (2018). Las huellas en la tierra. Anuario 2016-2017. Intervenciones en fosas comunes del franquismo en Andalucía. Sevilla: Consejería de Presidencia, Administración Local y Memoria Democrática. Recuperado 6 de xullo de 2019 de: https://www.google.com/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&ved=2ahUKEwjH-uvI0KLjAhUI3xoKHas1D58QFjAAegQIABAC&url=https%3A%2F%2Fwww.juntadeandalucia.es%2Fexport%2Fdrupaljda%2FANUARIO_FOSAS_2016-2017.pdf&usg=AOvVaw1ApntVJNifzn2QTDcReUQbBeah, Ishmael (2007). Un largo camino: memorias de un niño soldado. Madrid: RBA Editora.Benhbib, Seyla (2005). Los derechos de los otros: extranjeros, residentes y ciudadanos. Barcelona: Editorial Gedisa.Ben Jelloun, T. (2008). No entiendo el mundo árabe. Barcelona: El Aleph.Bilbeny, Norbert (1996). Europa después de Sarajevo: claves éticas y políticas de la ciudadanía europea. Barcelona: Destino.Bindé, J. (Dir.) (2005). ¿Adónde van los valores? Coloquios del Siglo XXI. Barcelona: Icaria / UNESCO.Camps-Febrer, Blanca e Amorós Bové, Gemma (Eds.) (2016). Mentas militarizadas: Cómo nos educan para asumir la guerra y la violencia. Barcelona: Icaria.Chomsky, Noam (2007). Estados fallidos: el abuso de poder y el ataque a la democracia. Barcelona: Ediciones B.Chossudovsky, Michael (2002). Globalización de la pobreza y nuevo orden mundial. Barcelona: Siglo XXI.Churruca Muguruza, C. (2015). Colombia: ¿cómo construir la paz? Redes sociales y espacios de protección de las personas desplazadas. Madrid: Los Libros de la Catarata.Cortina, Adela e Pereira, Gustavo (2009). Pobreza y libertad: erradicar la pobreza desde el enfoque de las capacidades de Amartya Sen. Madrid: Tecnos.De Botton, L., Puigvert, L. e Taleb, F. (2008). El velo elegido. Barcelona: El Roure.de Gabriel Fernández, Narciso (2008). Elisa e Marcela: alén dos homes. Vigo: Edicións Nigratrete.de Lucas, Javier (2015). Mediterráneo: el naufragio de Europa. Valencia: Editorial Tirant Lo Blanch.Fanon, Frantz (1963). Los condenados de la Tierra. México, D.F.: Fondo de Cultura Económica. Recuperábel de: <http://www.rosa-blindada.info/b2-img/FanonLoscondenadosdelatierra.pdf>Fernández Buey, Francisco (2004). Guía para una globalización alternativa otro mundo es posible. Barcelona: Ediciones B.Fernández Buey, Francisco (2014). Filosofar desde abajo. Madrid: Los Libros de la Catarata.Fundación Alternativas (2014). Informe sobre la Democracia en España 2014. Democracia sin política. Madrid: Los Libros de la Catarata.Galeano, Eduardo (2008). Carta ao Señor



Futuro. A Coruña: Laiovento. George, Susan (2010). *Sus crisis, nuestras soluciones*. Barcelona: Icaria / Intermón-Oxfam. Giroux, H. A. (2005). *Estudios culturales, pedagogía crítica y democracia radical*. Madrid: Editorial Popular. Goytisolo, Juan (Coord.) (2007). *El orientalismo al revés: homenaje a Edward W. Said*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Grosfoguel, Ramón (2011). *La descolonización del conocimiento diálogo crítico entre la visión descolonial de Frantz Fanon y la sociología descolonial de Boaventura de Sousa Santos*. Barcelona: Cidob. Hessel, Stéphane (2011). *¡Indignaos! Un alegato contra la indiferencia y a favor de la insurrección pacífica*. Madrid: Ediciones Destino. Kelly, Petra K. (2001). *Nonviolence speaks to power*. Honolulu, Hawai'i: Center for Global Nonviolence. Recuperábel de: <http://nonkilling.org/center/download/nonviolence-speaks-to-power/Klein> Naomi (2015). *Esto lo cambia todo: el capitalismo contra el clima*. Barcelona: Paidós. Latouche, Serge (2004). *Sobrevivir al desarrollo: de la descolonización del imaginario económico a la construcción de una sociedad alternativa*. Barcelona: Icaria. Leyva Solano, Xóchitl (Ed.) (con Escobar, Arturo e outras/os) (2015). *Prácticas otras de conocimiento(s): entre crisis, entre guerras*. Chiapas, México: Cooperativa Editorial Retos. Recuperado de: https://ceasmexico.files.wordpress.com/2015/10/pracc81cticas_otras_de_conocimientos_a-a-v-v-_dossier-compresse d.pdf López Romo, R. (2015). *Informe Foronda. Los efectos del terrorismo en la sociedad vasca*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Mancisidor, M. (Coord.) (2013). *Reflejos de una Euskadi en paz. Retos para un futuro sin ETA*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Mandela, Nelson (2013). *Un ideal por el cual vivo*. Tafalla: Txalaparta. Mayor Zaragoza, Federico (2012). *Actúa: 12 llamadas a la acción frente a las crisis económica, política y social*. Madrid: Debate. Menchú, Rigoberta e Boutros-Ghali, B. (1995). *La voz de los pueblos indígenas con el proyecto de la declaración de los derechos de los pueblos indígenas*. Palma de Mallorca: José J. de Olañeta, Editor. Mora, David (Ed.) (2009). *Interculturalidad crítica y descolonización: fundamentos para el debate*. La Paz, Bolivia: III-CAB. Recuperado de: <https://es.scribd.com/doc/134806194/David-Mora-ed-Interculturalidad-critica-y-descolonizacion-Fundamentos-para-el-debate> Napoleoni, L. (2010). *La mordaza: las verdaderas razones de la crisis económica*. Barcelona: Paidós. Nussbaum, Martha C. (2008). *Paisajes del pensamiento: la inteligencia de las emociones*. Barcelona: Paidós. Núñez Villaverde, J. A. (2015). *Boko Haram. El delirio del califato en África occidental*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Orwell, George (1980/1948). 1984. Barcelona: Salvat Editores. Recuperábel de: <http://biblio3.url.edu.gt/Libros/2011/1984.pdf> Paige, Glenn D. et al. (2012). *No matar es posible. Hacia una nueva ciencia política global*. Barcelona: Universitat Jaume I Press. Recuperábel de: <http://nonkilling.org/center/download/no-matar-es-posible-hacia-una-nueva-ciencia-politica-global/Paige>, Glenn D. et al. (2011). *Não matar é possível. Por uma nova ciência política global (3ª edición)*. FOMICRES. Recuperábel de: <https://nonkilling.org/center/download/nao-matar-e-possivel-por-uma-nova-ciencia-politica-global/Patel>, R. (2008). *Obesos e famélicos*. Madrid: Los libros del Lince. Pérez Orozco, Amaia (2014). *Subversión feminista de la economía. Aportes para un debate sobre el conflicto capital-vida*. Madrid: Traficantes de Sueños. Recuperábel de: <http://traficantes.net/libros/subversion-feminista-de-la-economia> Petras, James (2009). *Economía política del imperialismo contemporáneo*. Madrid: Maia. Pisarello, Gerardo e de Cabo, Antonio (Eds.) (2006). *La renta básica como nuevo derecho ciudadano*. Madrid: Editorial Trotta. Radhakrishnan, N. e Vasudevan, N. (Eds.) (1998). *Gandhi in the Global Village*. Honolulu, Hawai'i: Center for Global Nonkilling. Ridoux, N. (2009). *Menos es más: introducción a la filosofía del decrecimiento*. Barcelona: Los Libros del Lince. Rivière, M. (2002). *El malentendido: cómo nos educan los medios de comunicación*. Barcelona: Icaria Antrazyt. Roy, Arundhati (1999). *El dios de las pequeñas cosas (17ª ed.)*. Barcelona: Anagrama. Said, Edward (1990). *Orientalismo*. Madrid: Libertarias Prodhufi. Sampedro, José Luis e Hessel, Stéphane (2011). *¡Indignaos!*. Madrid, Destino. Santos, Boaventura de Sousa (2010). *Descolonizar el saber, reinventar el poder*. Montevideo: Trilce. Recuperábel de: <http://www.scribd.com/doc/212895569/Descolonizar-el-saber-reinventar-el-poder-Boaventura-de-Sousa-Santos> Saramago, José (2010). *Ensayo sobre la ceguera*. Madrid: Alfaguara. Sassen, Saskia (2015). *Expulsiones. Brutalidad y complejidad en la economía global*. Madrid: Katz Editores. Recuperado de: <http://www.katzeditores.com/fichaLibro.asp?IDL=176> Sen, Amartya (2007). *Identidad y violencia: la ilusión del destino*. Buenos Aires: Katz Editores. Serrano, Pascual (2009). *Desinformación: cómo los medios ocultan el mundo (5ª ed.)*. Madrid: Península Ediciones. Shiva, Vandana (2001). *Biopiratería: el saqueo de la naturaleza y del conocimiento*. Barcelona: Icaria. Sontag, Susan (2007). *Ante el dolor de los demás*. Madrid: Alfaguara. Soto Sulca, Ricardo (Coord.) (2013). *Discurso y poder en Stuart Hall*. Huancayo, Perú: Huancayo. Subirats, E. (2006). *Violencia y civilización*.



Barcelona: Editorial Losada. Sunstein, C. R. (2009). *Leyes de miedo: más allá del principio de precaución*. Bos Aires: Katz. Taibo, Carlos (2010). *Decrecimiento, crisis, capitalismo*. Santiago de Compostela: Estaleiro Editora. Tamayo, J.J. (2009). *Islam: cultura, religión y política*. Madrid: Trotta. Terjerino, B. (2010). *La sociedad indignada: movimientos sociales y cambio cultural en España*. Madrid: Trotta. Thoreau, Henry D. (1854/2002). *Walden, o la vida en los bosques*. Barcelona: Los Libros de la Frontera. Todorov, T. (2012). *Los enemigos íntimos de la democracia*. Madrid: Galaxia. Valles Cavia, J. A. (Coord.) (2013). *Los conflictos armados contemporáneos. Construcción de la paz y derechos humanos*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Villota, P. de (Ed.) (2001). *Globalización a qué precio: el impacto en las mujeres del Norte y del Sur*. Barcelona: Icaria. Walsh, Catherine (2017). *Pedagogías decoloniales: prácticas insurgentes de resistir, (re)existir y (re)vivir (Tomo II)*. Quito, Ecuador: Ediciones Abda Yala. Recuperábel de: <https://drive.google.com/file/d/0B8QN5tlUerl-VldKRik5aEU3N0k/view> Williams, E. (2011). *Capitalismo y esclavitud*. Madrid: Traficantes de Sueños. Wolf, Naomi (2009). *Cómo se destruye una democracia: carta de advertencia a un joven patriota sobre el fin de América*. Vilaboa (Pontevedra): Ellago. Zizek, Slavoj (2009). *Sobre la violencia: seis reflexiones marginales*. Barcelona: Paidós. 2. *Educación para a Paz e o Desenvolvemento / Estudos sobre Paz e Conflito*: Baraúna Teixeira, T. e Motos Teruel, T. (2009). *De Freire a Boal*. Ciudad Real: Ña-que Editora. Barbeito Thonon, Cécile (2016). *122 acciones fáciles (y difíciles) para la paz*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Baronnet, Bruno; Mora Bayo, Mariana e Stalher-Sholk, Richard (Eds.) (2011). *Luchas "muy otras": Zapatismo y autonomía en las comunidades indígenas de Chiapas*. México: Universidad Autónoma Metropolitana. Recuperado de: <http://www.schoolsforchiapas.org/wp-content/uploads/2014/07/luchas-muy-otras-2011.pdf> Colectivo Yedra (2007). *En busca de los Objetivos del Milenio [4]: un cuento, juegos y actividades para lograr un medio ambiente sostenible y un mundo solidario (Material didáctico)*. Madrid: Los Libros de la Catarata. DiBiase, A.M., Gibbs, J.C. e Potter, G.B. (2010). *Equipar para educadores: adolescentes en situación de conflicto*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Díez Gutiérrez, Enrique Javier (2009). *Globalización y educación crítica*. Bogotá (Colombia): Ediciones Desde Abajo. Recuperado 15/07/2018 de: URL (1): <https://buleria.unileon.es/handle/10612/2219> ou do URL (2): <https://bit.ly/2L1t5dO> Etxeberria, X. (2013). *La Educación para la Paz reconfigurada: la perspectiva de las víctimas*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Evans Pim, Joám e Herrero Rico, Sofía (Eds.) (2017). *Nonkilling education*. Honolulu: Center for Global Nonkilling. Consultado 22/04/2019 en: <https://nonkilling.org/center/download/nonkilling-education/>. Freire, Paulo (1980). *Pedagogía del oprimido*. Madrid: Siglo XXI. Galtung, J. (1998). *Tras la violencia, 3R: reconstrucción, reconciliación, resolución. Afrontando los efectos visibles e invisibles de la guerra y la violencia*. Bilbao: Bakeaz Gernika Gogoratz. Galtung, J. (2005). *Sobre la paz*. Barcelona: Fontamara. Guedán, M. (2005). *Los objetivos del Milenio: tomarse la cooperación verdaderamente en serio*. Madrid: Dykinson. Hernández, A. e outros (2009). *La crisis ecosocial en clave educativa: guía didáctica para una nueva cultura de paz*. Madrid: FUHEM / CIP Ecosocial. Hicks, D. (Coord.) (1999). *Educación para la Paz*. Madrid: Morata. Iglesias, C. (2007). *Educar pacificando: unha pedagogía dos conflitos*. Santiago de Compostela: Seminario Galego de Educación para a Paz / Fundación Cultura da Paz. Jares, Xesús R. (2004). *Educar para la paz en tiempos difíciles*. Bilbao: Bakeaz. Jares, X.R. (2008). *Educación e paz I: 25 anos de Educadores pola Paz*. Vigo: Xerais. Jares, X.R. (Coord.) (2008). *Educación e paz II: presente e futuro da construción da Paz*. Vigo: Xerais. Jares, X.R. (Coord.) (2008). *Educación e paz III: literatura galega pola paz*. Vigo: Xerais. Kincheloe, Joe e McLaren, Peter (Eds.) (2008). *Pedagogía crítica: de qué hablamos, dónde estamos*. Barcelona: Graó. Lederach, J. P. (2000). *El abecé de la paz y los conflictos: educación para la paz*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Llauger, M.A.; del Pozo, R. e Capellà, M. (Coords.) (2008). *La respuesta pacifista: conversaciones con miembros israelíes y palestinos de los movimientos por la paz*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Martínez López, M. C. (2005). *Cómo favorecer el desarrollo emocional y social de la infancia: hacia un mundo sin violencia*. Madrid: Los Libros de la Catarata. Mas, M. (Coord.) (2000). *Educar en la noviolencia*. Madrid: PPC. Mayor Zaragoza, F. (2012) *Delito de silencio: chegou o momento: é tempo de acción*. Oleiros: Trifolium. Merton, T. (Coord.) (1998). *Gandhi y la no-violencia*. Barcelona: Oniro. Molina Rueda, B. e Muñoz, A.F. (Coords.). *Manual de paz y conflictos*. Granada: Eirene. Ndlovu-Gatsheni, Sabelo J. (2016). *The Decolonial Mandela: Peace, Justice and the Politics of Life*. Nova York: Berghahn Books. Plataforma 2015 y Más (2005). *Alianzas contra la pobreza: la acción de las ONGD para alcanzar los Objetivos del Milenio*. Madrid: Los Libros de la Catarata. PNUD (2014). *Informe sobre desarrollo humano 2014*. Nova York: Programa de las Naciones Unidas para el Desarrollo (PNUD). Recuperábel de: <http://www.undp.org/content/dam/undp/library/corporate/HDR/2014HDR/HDR-2014-Spanish.pdf> Prat, Enric (Ed.)



